



PROBLEMAS DE SUBMINISTRO DE VACINA Td (Tétano-difteria).

ADAPTACIÓN TEMPORAL DO CALENDARIO DE VACINACIÓN E VACINACIÓN ADULTOS (Febreiro 2017)

ANTECEDENTES

As dúas compañías subministradoras que teñen comercializada a vacina Tétano-Difteria (Td), laboratorio Glaxo-Smith-Kline (vacina Ditanrix®) e laboratorio Sanofi Aventis (vacina Difativax®), comunicaron ás autoridades sanitarias o seu desabastecemento parcial, indicando que este ano 2017 ían importar a metade das doses do ano pasado. Neste momento descoñécese o tempo que vai ser necesario para resolver este problema, aínda que pode prolongarse a medio prazo.

Ante esta situación, a Comisión de Saúde Pública acordou diversas medidas para garantir o subministro priorizando o uso desta vacina naqueles casos de maior risco e buscando minimizar as repercusións sobre o programa de vacinación.

A Comisión de Saúde Pública (9 de febreiro) acordou:

- Priorizar a vacinación con Td na profilaxe postexposición ante feridas tetanixenas
- Suspende temporalmente a dose de recordo con Td nos adolescentes (14 anos) e as doses de recordo nos adultos
- Dende as autoridades de saúde pública emitiranse as indicacións específicas para a primovacinação dos adultos, trala valoración do risco individual.

Nota do acordo:

<https://www.msssi.gob.es/profesionales/saludPublica/prevPromocion/vacunaciones/docs/Acuerdo CSP Td 9feb2017.pdf>

INDICACIÓNS A SEGUIR NA VACINACIÓN CON Td EN GALICIA

1. Suspende temporalmente a vacinación con Td aos 14 anos.

Esta dose será restituída cando se normalice o subministro normal desta vacina. Débese recordar que o seu aprazamento non supón ningún risco incrementado xa que estes nenos/os recibiron previamente 5 doses, polo que están perfectamente protexidos fronte a estas enfermidades.



Está previsto que os afectados pola suspensión temporal da vacina dTpa dos 6 anos (nados no ano 2009-2010) recibirán proximamente a dose atrasada así como a normalización desta dose no calendario.

2. Suspender temporalmente a dose de reforzo nos adultos.

Aqueles adultos que iniciaran a pauta de vacinación con anterioridade, non se lles completará a mesma ata que se restableza o subministro.

3. Suspender temporalmente a primovacinação no adulto (agás ante feridas tetanixenas e outras posibles situacións de risco elevado que serán avaliadas pola Xefatura Territorial correspondente tralo envío do informe sobre o caso).

4. Priorizar a vacinación con Td na profilaxe pos-exposición ante feridas tetanixenas.

O obxectivo prioritario neste momento para o programa de vacinación en Galicia é **asegurar a vacinación das persoas que teñan un maior risco de desenvolver a enfermidade**, polo que temos que asegurar que as doses dispoñibles poidan cubrir todas as actuacións ante posibles feridas tetanixenas. Por elo nestes casos todo o **persoal do sistema sanitario debe aterse estritamente ás directrices formuladas e recabar toda a información dispoñible sobre o número de doses de vacina fronte ao tétano xa recibidas con anterioridade.**

ACTUACIÓN ANTE FERIDAS

Considéranse feridas de alto risco aquelas feridas contaminadas con gran cantidade de material que poida conter esporas e/ou que presente grandes zonas de tecido desvitalizado tales como:

1. Feridas ou queimaduras que requiran intervención cirúrxica que se atrasa máis de 6 horas
2. Feridas ou queimaduras cun importante grado de tecido desvitalizado
3. Ferida punzante, particularmente onde houbo contacto co chan ou con esterco
4. Feridas contaminadas con corpo estraño (especialmente de orixe biolóxica - madeira-)
5. Feridas con fracturas
6. Mordeduras
7. Feridas por conxelación
8. Feridas ou queimaduras en pacientes que teñen sepse sistémica



Pautas de actuación para a profilaxe antitetánica en feridas^a:

Antecedentes de vacinación (consultar sempre antecedentes no rexistro de vacinacións de Galicia)	Ferida tetanixena	
	Vacina (td)	IGt ^b
< 3 doses ou descoñecida	SI (completar vacinación)	SI
3 ou 4 doses	Non (Administrar unha dose se hai máis de cinco anos desde a última dose)	NON ^c
5 ou máis doses	Non (se hai máis de 10 anos desde a última dose, valorar a administración dunha única dose adicional en función do tipo de ferida)	NON ^c

^a No caso de inmunodeprimidos e usuarios de drogas por vía parenteral, administrárase unha dose de inmunoglobulina no caso de feridas tetanixenas, independentemente do estado de vacinación. (onde está a referencia de a na táboa?)

^b IGT: inmunoglobulina antitetánica. Administrárase en lugar separado da vacina. En xeral adminístranse 250 UI. se transcorreron máis de 24 horas, en persoas con máis de 90 kg de peso, en feridas con alto risco de contaminación ou en caso de queimaduras, fracturas ou feridas infectadas, administrárase unha dose de 500 UI.

^c Aquelas feridas tetanixenas contaminadas con gran cantidade de material que pode conter esporas e/ou que presente grandes zonas de tecido desvitalizado (feridas de alto risco), recibirán unha dose de inmunoglobulina.

XESTIÓN DAS DOSES VACINAIS

As vacinas facilitaranse por parte do Programa galego de vacinacións para o seu uso en todos aqueles casos que cumpran os criterios anteriormente expostos.

Probablemente os centros de vacinación dispoñan neste momento dalgún número de doses de vacina Td, polo que estas só deben utilizarse a partir de agora nas situacións anteriormente citadas.

A subministración por parte do Programa galego de vacinación sofre modificacións, xa que só serán distribuídas unha pequena cantidade de doses aos puntos de vacinación, que serán controladas na súa utilización.



As vacinas serán subministradas aos puntos que o soliciten, pero tendo en conta que só se enviará un pequeno número de doses para dispor dun stock de seguridade e cubrir as necesidades de actuacións ante posibles feridas tetanixenas.

A solicitude de doses deberase adaptar ás necesidades reais e só para a actuación ante posibles feridas tetanixenas, polo que non se subministrarán máis vacinas ata que se xustifiquen as doses previamente administradas mediante o seu rexistro como requisito indispensable.

Para máis información da vacinación fronte ao tétano pódese revisar a instrución, [http://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/281/Instruci%3b3n%20Vacinaci%3b3n%20fronte%20ao%20t%3a9tano abril%202009.pdf](http://www.sergas.es/Saude-publica/Documents/281/Instruci%3b3n%20Vacinaci%3b3n%20fronte%20ao%20t%3a9tano%20abril%202009.pdf)

así como a súa ficha técnica, dispoñible na páxina web da Consellería de Sanidade (Dirección Xeral de Saúde Pública) www.sergas.es/Saude-publica

Esta situación de desabastecemento de Td está a revisarse permanentemente e, no caso de que as xestións que se están a realizar permitan dispor de maior número de doses ou normalizar a situación, será comunicada inmediatamente calquera modificación ao respecto .

Santiago de Compostela, 14 febreiro 2017

O director xeral de Saúde Pública



Andrés Paz-Ares Rodríguez

O director xeral de Asistencia Sanitaria



Jorge Aboal Viñas